

PLAN DE ESTABILIDADE DO EMPREGO E PROVISIÓN DE PRAZAS DO PERSOAL ESTATUTARIO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (2017-2018).

I.- OBXECTIVOS.

II.- ANÁLISE DE SITUACIÓN.

III.- MEDIDAS DE ESTABILIZACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL.

IV.- PLAN DE SELECCIÓN E PROVISIÓN DE PRAZAS.

I.- OBXECTIVOS.

O Servizo Galego de Saúde, a través deste Plan, ten como obxectivos:

- Continuar na aposta pola **estabilidade no emprego** con medidas de estabilización de persoal temporal e a convocatoria periódica de procedementos selectivos para a adquisición da condición de persoal fixo, nos que se garantan os principios que rexen o acceso ao emprego público e que incorporarán as novas tecnoloxías á súa tramitación-fase de oposición e concurso- para unha xestión máis áxil, transparente e simplificada dos mesmos.

Coa execución das medidas de estabilización de persoal temporal previstas no punto III deste Plan, e a finalización dos procesos selectivos do plan de selección e provisión de prazas (punto IV), segundo as estimacións que realiza a Administración incrementarase en 6 puntos a porcentaxe que representa o persoal fixo sobre o total do persoal, e reducirase nunha medida moi relevante (desde o 8 % actual ata o 5%) a porcentaxe que representa o persoal eventual.

Plan ratificado, mediante pacto, na Mesa Sectorial do 30.3.2017

- Reforzar o seu compromiso coa **mobilidade dos/das seus/súas profesionais** mediante a convocatoria periódica de concursos de traslados -internos e aqueles que permitan optar a prazas fóra da institución sanitaria de destino do profesional-, o que redundará nunha maior satisfacción do/a traballador/a no seu desempeño profesional e nunha mellor conciliación da súa vida laboral e familiar.

II.- ANÁLISE DE SITUACIÓN.

En todos os servizos sanitarios do Sistema Nacional de Saúde estase a producir nos últimos anos un incremento da temporalidade do persoal estatutario derivado da lexislación orzamentaria estatal (de carácter básico) relativa á incorporación de novo persoal nas ofertas de emprego público, a través dos límites da taxa de reposición de efectivos establecidos.

Con todo, durante os anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016 veu aprobándose cadansúa oferta de emprego público de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, atinxindo un total de 1.606 prazas convocadas; isto é, o número máximo posible permitido pola lexislación orzamentaria.

Igualmente cómpre destacar que a gran maioría das prazas vacantes que por razóns de legalidade non puideron ofertarse nesas sucesivas OPEs están hoxe en día cubertas mediante nomeamentos de interinidade, nun proceso que se impulsou particularmente nos últimos anos. Así, no período 2013-2016, no que se fixeron efectivas 3.231 xubilacións, formalizáronse 2.812 nomeamentos de persoal interino en praza vacante.

Plan ratificado, mediante pacto, na Mesa Sectorial do 30.3.2017

No entanto, e ante a situación descrita, considérase procedente habilitar liñas de actuación para, por unha banda, fomentar a estabilización de persoal temporal (apartado III deste Plan); e por outra, para continuar coa tramitación periódica de procesos selectivos e concursos de traslados e introducir melloras na súa regulación e xestión (apartado IV deste Plan).

III.- MEDIDAS DE ESTABILIZACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL.

1.- Conversión de nomeamentos para a cobertura de servizos determinados en nomeamentos de interinidade.

1.1.- Dotación de prazas.

Para a súa cobertura mediante nomeamentos de interinidade, procederase á dotación de vacantes nun número equivalente a aqueles nomeamentos para a cobertura de servizos determinados que carezan de substantividade propia; é dicir, aqueles nos que o persoal nomeado non atenda programas ou actividades temporais, conxunturais ou extraordinarias, senón actividade ordinaria e habitual (necesidades estables e permanentes) durante un período igual ou superior a un ano.

Esta medida suporá a extinción dos nomeamentos para a cobertura de servizos determinados que reúnan as ditas características, a dotación de 438 vacantes nos cadros de persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e a expedición doutros tantos nomeamentos de interinidade, coa conseguinte redución da porcentaxe de eventualidade.

Como Anexo figuran o número de nomeamentos para a cobertura de servizos determinados afectados por esta medida.

1.2.- Selección do novo persoal interino.

Aplicaranse os principios que rexen o acceso ao emprego público e o xa acordado no Pacto sobre vinculacións temporais (DOG do 30 de xuño de 2016) para a sucesión de nomeamentos de longa duración, nos seguintes termos:

a) Categorias nas que se aplica a selección por listas de aspirantes:

Os nomeamentos de interinidade formalizaranse cos/as mesmos/as aspirantes anteriormente vinculados mediante os nomeamentos para a cobertura de servizos determinados, sempre que no seu momento foran seleccionados pola orde de preferencia nas listas para a cobertura de vínculos de duración igual ou superior ao ano.

Noutro caso chamarase a quen acredite a maior puntuación nas listas para a cobertura de nomeamentos de duración igual ou superior ao ano.

b) Categorias nas que se aplica o procedemento de concurso de méritos do artigo 67 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde (persoal licenciado sanitario facultativo especialista de área).

Os nomeamentos de interinidade formalizaranse cos/as mesmos/as aspirantes anteriormente vinculados mediante os nomeamentos para a cobertura de servizos determinados, sempre que no seu momento foran seleccionados mediante o procedemento previsto no artigo 67 do Decreto 206/2005.

Plan ratificado, mediante pacto, na Mesa Sectorial do 30.3.2017

Noutro caso chamarase a quen resulte seleccionado trala tramitación do dito procedemento. Estas convocatorias axustaranse ao previsto no dito artigo 67, e a valoración de méritos realizarase consonte o previsto para a fase de concurso na recente convocatoria para a selección de persoal fixo (DOG do 11 de xaneiro de 2017), detraendo 2 puntos do apartado de Formación para valorar o coñecemento da lingua galega.

1. Formación: ata 12 puntos.
2. Coñecemento da lingua galega (Curso de Celga 4 ou equivalente): 2 puntos.
3. Experiencia: ata 22 puntos.
4. Investigación e innovación sanitaria: ata 4 puntos.

1.3.- Calendario de execución.

A conversión dos nomeamentos para a cobertura de servizos determinados en nomeamentos de interinidade realizarase en dúas fases:

1) Persoal sanitario (incluído licenciado sanitario no que se aplica a selección por listas de aspirantes) e persoal de xestión e servizos: efectos desde o 1 de abril de 2017.

2) Persoal licenciado sanitario ao que se aplica o procedemento de concurso de méritos do artigo 67 do Decreto 206/2005: co fin de executar o proceso de forma coordinada no tempo, e dado que resultará preciso publicar e tramitar determinadas convocatorias, a conversión dos nomeamentos realizarase no segundo semestre do ano 2017.

Plan ratificado, mediante pacto, na Mesa Sectorial do 30.3.2017

As convocatorias destes procesos de selección publicaranse antes do 30 de xuño de 2017.

2.- Análise das necesidades cubertas mediante nomeamentos por acumulación de tarefas.

A Administración comprométese a impulsar a realización do estudo previsto no punto 3 do artigo 9 da Lei 55/2003, do Estatuto Marco.

O estudo concretarase inicialmente nos seguintes particulares:

1) Analizarase se as funcións de persoal ausente, con reserva de praza de longa duración, están a ser cubertas mediante nomeamentos por acumulación de tarefas, para os efectos de expedir no seu lugar os nomeamentos de substitución que correspondan.

2) Analizaranse os nomeamentos por acumulación de tarefas que con carácter sucesivo veñan prestando os mesmos servizos por un período igual ou superior a dous anos -por un ou varios aspirantes- para os efectos de valorar se concorren necesidades permanentes e estables que deban cubrirse mediante nomeamentos de interinidade.

En todo caso, para o acceso aos nomeamentos de substitución ou interinidade resultantes aplicaranse estritamente os principios que rexen o acceso ao emprego público, coas previsións contidas no Decreto 206/2005 e no Pacto sobre vinculacións temporais (DOG do 30 de xuño de 2016).

Plan ratificado, mediante pacto, na Mesa Sectorial do 30.3.2017

O estudo de necesidades presentarase en maio de 2017 na comisión de seguimento prevista no seguinte punto 3, e a execución das medidas que procedan realizarase no período 2017-2018 tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias.

Atendendo aos estudos previos realizados e ás ditas dispoñibilidades orzamentarias, as medidas previstas neste punto 2 suporán a expedición de aproximadamente 400 novos nomeamentos de persoal de cadro.

Calendario de execución:

- Aprox. 200 novos nomeamentos no segundo semestre do ano 2017. Cando resulte preciso tramitar o procedemento do artigo 67 do Decreto 206/2005, as convocatorias publicaranse antes do 30 de xuño de 2017.

- Aprox. 200 novos nomeamentos no primeiro semestre do ano 2018. Cando resulte preciso tramitar o procedemento do artigo 67 do Decreto 206/2005, as convocatorias publicaranse antes do 31 de marzo de 2018.

3.- Comisión de seguimento.

Constituirase unha comisión de seguimento entre a Administración e as organizacións sindicais que ratifiquen o presente Plan mediante Pacto da Mesa Sectorial.

A comisión realizará exclusivamente o seguimento das medidas anteriormente expostas para a estabilización do persoal temporal, no que se refire ao cumprimento do calendario pactado, datos globais e outras incidencias de carácter xeral, e non afectará ao ámbito de negociación propio da Mesa Sectorial (sistemas e procedementos de selección de persoal e provisión de prazas).

Plan ratificado, mediante pacto, na Mesa Sectorial do 30.3.2017

Como primeira medida, a comisión de seguimento reunirase no próximo mes de maio para coñecer o estudo e tratar especificamente as medidas que propón a Administración en execución do previsto no punto 2 anterior, e para fixar os criterios de determinación dos aproximadamente 200 novos nomeamentos que se expedirán neste ano 2017 consonte o calendario previsto no mesmo punto 2.

IV.-PLAN DE SELECCIÓN E PROVISIÓN DE PRAZAS

Para dar cumprimento aos obxectivos deste plan en materia de procesos selectivos e mobilidade (concurso de traslados), esta Administración asume os seguintes compromisos, no marco de execución que se detalla a continuación:

Primeiro.- Promoverase pola Administración, na medida na que o permita a lexislación orzamentaria básica estatal, a inclusión en oferta de emprego público das **interinidades** resultantes do proceso de estabilización.

Segundo.- As prazas cubertas mediante nomeamento de interinidade en execución das medidas de estabilización que se recollen neste Plan serán ofertadas nos **concursos de traslados** que se convoquen.

Terceiro.- Promoverase pola Consellería de Sanidade, como así se vén realizando desde o ano 2012, a aprobación, **con carácter anual**, dun **novο decreto de oferta de emprego público** que autorice a convocatoria de probas selectivas de persoal fixo para a cobertura de todas as prazas vacantes das distintas categorías, no número máximo que permita a lexislación orzamentaria estatal, de carácter básico, na respectiva anualidade.

Deste xeito, se a lexislación orzamentaria básica do Estado o permite, convocarase en cada un dos vindeiros tres anos as prazas ocupadas por persoal con vinculación temporal, de forma que se poidan reducir, nese período de tres anos e nun máximo dun 90%, as prazas ocupadas de forma temporal e a cifra de persoal cunha

Plan ratificado, mediante pacto, na Mesa Sectorial do 30.3.2017

vinculación temporal existente á data da sinatura deste pacto. Todo iso, coa finalidade de acadar unha taxa de temporalidade que ao final do citado período se sitúe por debaixo do 8%, que deberá manterse no sucesivo e sempre dentro dos límites e as regras de gasto establecidos.

Cronograma: Aprobación antes da finalización de cada ano natural

Cuarto.- Negociaranse as bases dun procedemento de **concurso de traslados aberto e permanente** para as distintas categorías, que permita a mobilidade do persoal propietario, dunha forma áxil e con carácter definitivo, a novos destinos próximos á súa localidade de residencia ou con mellores expectativas de desenvolvemento profesional, a medida que se produza a súa vacante.

Cronograma **CONCURSO DE TRASLADOS.**

- Convocatoria persoal sanitario: **1º semestre 2017**
- Concurso de traslados **Aberto e Permanente**: Apertura de negociación – **Abril 2017**
Implementación - **Último trimestre de 2017**

Quinto.- Desenvolvemento do **procedemento de selección de persoal licenciado sanitario facultativo especialista de área**, previsto no artigo 67 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, consonte unhas novas bases, negociadas coas organizacións sindicais representadas na Mesa Sectorial de Sanidade e de aplicación común e uniforme.

Cronograma: Inicio da **negociación: Abril 2017**

Sexto.- Co obxecto de avanzar na transparencia e simplificación na tramitación dos distintos procesos de provisión competencia deste organismo **incorporaranse á tramitación electrónica** a través de Fides/expedient-e os seguintes procesos de provisión: postos de xefatura e coordinación e persoal directivo.

Cronograma: Ao longo do ano 2018

Plan ratificado, mediante pacto, na Mesa Sectorial do 30.3.2017

Sétimo.- Apertura dos **prazos de toma de posesión** dos/das aspirantes seleccionados/as nos procesos de selección fixa actualmente en tramitación, correspondentes á **oferta pública de emprego do ano 2015.**

OPE 2015	CATEGORÍAS:	Enfermeiro/a	N.º de prazas: 205
		Médico/a de Familia	N.º de prazas: 82
	CRONOGRAMA:	• Toma de posesión: Marzo 2017	
	CATEGORÍAS:	Enfermeiro/a especialista en obstetricia e xinecoloxía	N.º de prazas: 13
		Fisioterapeuta	N.º de prazas: 11
		Logopeda	N.º de prazas: 2
		Técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermaría	N.º de prazas: 124
		Técnico/a en Farmacia	N.º de prazas: 26
		Técnico/a superior en Anatomía Patolóxica e Citoloxía	N.º de prazas: 2
		Técnico/a superior en Hixiene Bucodental	N.º de prazas: 2
		Técnico/a superior en Imaxe para o diagnóstico	N.º de prazas: 6
		Técnico/a superior en Laboratorio de Diagnóstico Clínico	N.º de prazas: 11
		Técnico/a superior en Radioterapia	N.º de prazas: 2
		Terapeuta Ocupacional	N.º de prazas: 2
	CRONOGRAMA:	• Toma posesión: Abril-Maio 2017	

Oitavo.- Execución dos procesos selectivos, correspondentes á **oferta de emprego público do ano 2016.**

1ª Fase	CATEGORÍAS:	Facultativo/a especialista de área	N.º de prazas: 268	
		Médico/a Admisión e documentación clínica	N.º de prazas: 3	
		Médico/a asistencial 061	N.º de prazas: 8	
		Médico/a coordinador 061	N.º de prazas: 12	
		Médico/a de Urgencias Hospitalarias	N.º de prazas: 36	
		Odontólogo/a de A. Primaria	N.º de prazas: 15	
		Pediatra de A. Primaria	N.º de prazas: 10	
		Técnico/a de Xestión de Sistemas e Tecnoloxías da Información	N.º de prazas: 3	
		Técnico/a Especialista de Sistemas e Tecnoloxías da Información	N.º de prazas: 9	
	Persoal Licenciado Sanitario	Técnico/a Superior en Prevención de Riscos Laborais	N.º de prazas: 21	
		Traballador/a Social	N.º de prazas: 16	
		CRONOGRAMA:	• Desenvolvemento da fase de oposición: Segundo semestre 2017	

Plan ratificado, mediante pacto, na Mesa Sectorial do 30.3.2017

2ª Fase	CATEGORÍAS:	Celador/a (acceso discapacidade intelectual)	N.º de prazas: 17
		Celador/a (acceso ordinario)	N.º de prazas: 151
		Enfermeiro/a	N.º de prazas: 140
		Enxeñeiro/a Técnico/a	N.º de prazas: 4
		Grupo Auxiliar da Función Administrativa	N.º de prazas: 85
		Grupo de Xestión da Función Administrativa	N.º de prazas: 10
		Grupo Técnico da Función Administrativa	N.º de prazas: 7
		Médico/a de Familia	N.º de prazas: 83
		Persoal de servizos xerais	N.º de prazas: 40
		Técnico/a superior en Documentación Sanitaria	N.º de prazas: 4
CRONOGRAMA:			
• Convocatoria 2º fase: 1º Semestre 2017			

CADRO RESUMO

OPE 2015	Tomas de posesión: Enfermeiro/a – Médico/a Familia: Marzo 2017 Restantes categorías: Abril-Maio 2017
OPE 2016	1ª Fase: Realización exercicios - 2º semestre 2017
	2ª Fase: Convocatoria OPE -1º semestre 2017
Novo decreto OPE	Aprobación antes da finalización de cada ano natural
Concurso de Traslados	Persoal sanitario - 1º semestre 2017
Concurso de Traslados aberto e permanente	Inicio Negociación - Abril 2017 Implementación – Último trimestre de 2017
Selección persoal licenciado sanitario FEA.	Inicio negociación - Abril 2017
Incorporación a FIDES novos procesos de selección	Ao longo do ano 2018